

IDEAS PARA UNA HOMILÍA CON NENOS 28 NOVEMBRO 2021

**ESPERTA, Déixate regar pola Palabra,
inunda de vida a túa casa e o teu mundo**

1. Ver: A regadeira de Advento

- Comezamos o ciclo C; é **un novo tempo litúrxico**, o Advento. Significa “vinda” (de Xesús). Dialogamos como preparamos a vinda de alguén importante á nosa casa e como deberíamos preparar a vinda de Xesús en Nadal.
- Durante **catro domingos**, catro semanas, preparamos a súa vinda. **No templo poñemos algúns signos ou pegadas: a cor morada** significa cambio de vida e arrepentimento; a **Coroa de Advento** indica o percorrido interior que imos realizando; na igrexa poucas flores por ser época de austeridade e de conversión; e os **cantos** pedindo: *Preparate o camiño ao Señor!, Ven Señor!*
- Para esta folla valerémonos dos **debuxos de Fano** cuxo lema é **“Advento, rega a túa vida e faina crecer”**. Cada semana iremos engadindo pezas á nosa árbore de Nadal, enchendo o noso interior como se enche unha regadeira e regando, servindo aos demais. A mensaxe 1º é **“esperta, déixate regar pola Palabra”**.

***Tes oco como a regadeira para recibir e
inclinarte para dar o que tes?***

2. XULGAR: Esperta, déixate regar pola Palabra

No evanxeo deste domingo, Xesús dinos: **“estade espertos, levantádevos, achégase a vosa liberación”**... Refírese á vinda de Xesús ao final dos tempos, pero tamén á súa vinda en Nadal.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **Escoitando hoxe os nosos maiores, tanto Xeremías como Xesús, nos apuran: ESPERTÁDEVOS, levantádevos, porque Xesús está chegando!**

*Hai xente á que todos os días lles son iguais, abúrrense. Estamos cheos de rutinas e perdemos enerxías. Os primeiros cristiáns tomaban o Advento como un tempo para esperar con alegría, un motivo para levantarse contentos porque sentían a Deus moi próximo na vida.

***Advento é un tempo para apurarnos porque Deus está moito máis preto.** Neste primeiro domingo collemos a lupa para descubrir a Deus presente, connosco na nosa vida, na nosa casa, na escola, no traballo?

- E a mellor forma de espertar é deixarnos **regar cada día pola Palabra de Deus.** Le o evanxeo de cada día, deixa que a Palabra inunde de vida e de luz a túa casa e o teu mundo (por certo, unha luz que non se paga), encherache de enerxía renovadora.

***Que podemos facer para que Xesús regue por dentro, sexa a túa luz e túa alarma?
Como mellorar a nosa oración?***

2. ACTUAR: Que Xesús inunde a túa casa e o teu mundo

+Facemos algúns preparativos para este tempo.

Organizamos a coroa de Advento acendendo a 1ª candeia(a de escoita da Palabra) e a entronización do leccionario de Lucas, ou colocamos os evanxeos nun lugar importante de casa. Oramos a carón del lendo o evanxeo de cada día e tratamos de ler a nosa vida, o que pasa no mundo desde Xesús e a súa Palabra. ***Que imos facer?***

LECTURAS

JEREMÍAS 33, 14-16: *Suscitarei a David un renovo lexítimo.*

Xa chegan días “oráculo do Señor” en que cumprerei a promesa que fixen á casa de Israel e á casa de Xudá.

Naqueles días e naquela hora, suscitarei a David un renovo lexítimo que fará xustiza e dereito na terra.

Naqueles días salvarase Xudá, e en Xerusalén vivirán tranquilos, e chamarana así: “O Señor é a nosa xustiza”.

Palabra do Señor.

- **SALMO 24:**

R/ A ti, Señor, levanto a miña alma.

I TESALONICENSES 3,12-4,2:

Que o Señor afiance os vosos corazóns, para cando veña Cristo.

LUCAS 21,25-28.34-36: *Estade espertos, levantádevos.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Haberá signos no sol e a lúa e as estrelas, e na terra angustia das xentes, perplexas polo estrondo do mar e a ondada, desfalecendo os homes polo medo e a ansiedade ante o que se lle vén encima ao mundo, pois as potencias do ceo serán sacudidas.

Entón verán o Fillo do home vir nunha nube, con gran poder e gloria.

Cando empece a suceder isto, **levantádevos, alzade a cabeza; achégase a vosa liberación.**

Tende coidado de vós, non sexa que se ceguen os vosos corazóns con esmorgas, borracheiras e as inquietudes da vida, e bótesevos encima de súpeto aquel día; porque caerá como un lazo sobre todos os habitantes da terra.

Estade, pois, espertos en todo tempo, pedindo que poidades escapar de todo o que está por suceder e mantervos en pé ante o Fillo do home».

Palabra do Señor